

ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA XURÍDICA AO CONCELLO

A Xunta de Goberno Local na sesión de data 30 de xullo de 2014, acordou a ADXUDICACIÓN de dito contrato ao avogado don Victorino Fuente Martínez., o cal incluíra as seguintes prestacións:

a) Retribución fixa:

*Por evacuación de consultas e emisión de informes en asuntos de xestión ordinaria, cunha dedicación de 100 horas anuais, incluíndo seis desprazamentos ao ano, sen necesidade doutra xustificación = 15.381,36 euros (*12.711,87 euros máis 2.669,49 euros en concepto de IVE ao 21%*).

(O pago por este concepto fraccionarase en doce partes iguais, co obxecto de expedir a factura mensual correspondente)

b) Retribución variable:

* Por hora de traballo adicional fóra do despacho (incluído tempo de desprazamento) = 145,20 euros (120 euros+25,20 euros en concepto de IVE ao 21%).

* Por hora de traballo en despacho, en asuntos de especial dificultade, que esixan estudo de antecedentes complexos e/ou aplicación de lexislación especial ou xurisprudencia = 108,90 euros (90 euros + 18,90 euros en concepto de IVE ao 21%)

*Por desprazamento = 1,09 euros por quilómetro percorrido (0,90 euros + 0,19 euros en concepto de IVE ao 21%).

(O pago por estes conceptos realizarase trimestralmente, contra factura, que comprenderá o importe polos traballos realizados durante o trimestre, segundo as tarifas indicadas).

O contrato formalizarase en documento administrativo dentro dos quince días hábiles seguintes ao de recepción da notificación da adxudicación.